

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es , logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Parte externa da articulación do fémur coa tibia:

- A) Xeonllo.
- B) Cóbado.
- C) Rodela.
- D) Nádega.

2. Indique a palabra correctamente acentuada:

- A) Saude.
- B) Ousadía.
- C) Cíclope.
- D) Bemól.

3. Das seguintes, indique a palabra escrita de forma incorrecta:

- A) Tromboanxite.
- B) Trombectomía.
- C) Sincope.
- D) Opioide.

4. Das seguintes, indique a palabra escrita de forma incorrecta:

- A) Isósceles.
- B) Textil.
- C) Cónxuxe.
- D) Xaxún.

5. Parte posterior do pescozo, onde empeza a cabeza:

- A) Omoplata.
- B) Caluga.
- C) Falanxe.
- D) Larinx.

6. Acción de xaxuar:

- A) Ayuno.
- B) Xaxuno.
- C) Xaxún.
- D) Abstinencia.

7. Das seguintes, indique a palabra escrita de forma incorrecta:

- A) Prion.
- B) Dorsiflexión.
- C) Lactación.
- D) Broncorrea.

8. Indique a frase incorrectamente escrita:

- A) O calor desta xeira é abafante.
- B) Marchou cara á marxe dereita.
- C) O garaxe se atopaba nun outeiro.
- D) Esta loita foi un massacre.

9. Indique a frase incorrectamente escrita:

- A) As bágoas son fáciles de recoñecer.
- B) María é curmá de Matías.
- C) Colleu a chave, abriu a porta e saíu.
- D) Non foi á comepeición porque ten rubeola.

10. Indique a frase correcta:

- A) Na rúa onde vivía a miña tía había un baúl.
- B) O lateral esquerdo xoga mais e mellor que os de aquí.
- C) Se non lle das as grazas vouche tirar das orellas.
- D) O abogado colleu un taxi vermello.

Preguntas de reserva

1. Indique a frase correcta:

- A) Así é mellor e máis económico.
- B) A miña tía chegou ás duas e pediu un café.
- C) Este proxecto é extratético.
- D) Non é un lápiz, é un bisturí.

2. Das seguintes, indique a palabra correctamente escrita:

- A) Extranxeiro.
- B) Escusa.
- C) Excravo.
- D) Estender.